



Fédération internationale des ciné-clubs
International Federation of Film Societies
Federación Internacional de Cine Clubes

Estatutos da FIC (IFFS)

Artigo 1: Nome

En 1947 constituíuse en Cannes (Francia) unha Asociación Internacional entre grupos de cineclubes de todo o mundo e que terá por nome FÉDÉRATION INTERNATIONALE DES CINÉ-CLUBES (FICC), en inglés INTERNATIONAL FEDERATION OF FILMS SOCIETIES (IFFS), e en castelán FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE CINECLUBS (FIC).

Artigo 2: Duración, sede, lingua e representación

A Federación constitúese por tempo indefinido. A sede da asociación está en París e pode variar segundo o acordo da asemblea xeral.

Os idiomas oficiais da Federación son o inglés, o francés e o castelán. O exercicio económico da asociación é o calendario gregoriano.

O/A Presidente/a, o/a Secretario/a Xeral e o/a Tesoureiro/a son os signatarios oficiais da FIC (FICC/IFFS). En ausencia do/a Presidente/a pode asinar o/a Vicepresidente/a.

Artigo 3: Obxectivo

O obxectivo da Federación é desenvolver unha cooperación máis estreita entre os seus membros, manter a presentación, distribución e estudo dos filmes no sentido cultural, do desenvolvemento social e artístico.

Artigo 4: Afiliación

Os membros da Asociación son Federacións de Cineclubes e cinemas sen ánimo de lucro dun país composto por un número representativo de cineclubes/cinemas baseado en agrupacións rexionais, lingüísticas ou étnicas.

Os membros non terán fins de lucro nin fins comerciais e estarán interesados polo desenvolvemento artístico do cinema. A membresía estará suxeita a súa aprobación na asemblea xeral.

Nos países nos que non existan Federación de Cineclubes, poderá concederse a adhesión a un cineclubes. Un cineclubes non poderá ser membro se no seu país xa existe unha Federación.



Federación Internacional de Cineclubes

A pertenza dun cineclube extinguirase tras a aprobación dunha Federación como membro nun mesmo país.

Todos os membros plenos pagarán a mesma cota e recibirán os mesmos servizos da Asociación.

Artigo 5: Membros asociados

Os festivais de cinema sen ánimo de lucro, academias de cinema, institucións cinematográficas e revistas de cinema poderán ser membros asociados, previa aprobación da asemblea xeral (AX). Os membros asociados non teñen dereito a voto.

Artigo 6: Solicitude de adhesión

As solicitudes de adhesión á Federación Internacional de Cineclubes (FIC) presentaranse por escrito, xunto cunha copia dos seus estatutos das organizacións interesadas, ante o comité executivo (CE). Facilitaranse unha copia das solicitudes á asemblea xeral (AX), para que na seguinte reunión sexan ratificadas.

O comité executivo aprobará a súa «adhesión provisional» e recomendará á asemblea xeral a súa inscrición permanente (plena ou asociada).

Os membros provisionais serán elixíbeis para participar nas actividades da FIC (FICC/IFFS) despois satisfacer o pagamento da cota; pero o seu dereito de voto non se activará até despois da súa ratificación pola asemblea xeral (AX).

O período de adhesión provisional é desde a xuntanza do comité executivo até a celebración máis inmediata da asemblea xeral (AX).

Todos os solicitantes de inscrición deberán estar de acordo cos presentes estatutos da FIC (FICC/IFFS).

Artigo 7: Cesamento do asociado

O cesamento na condición de asociado pode ser por renuncia, a falta de pagamento das cotas durante dúas ou máis anos consecutivos sen notificar ao comité executivo a baixa. As solicitudes de baixa deben ser dirixidas ao comité executivo (CE). As baixas serán ratificadas pola asemblea xeral (AG).

Artigo 8: Estrutura

A Federación Internacional de Cineclubes está composta por:

- a) A asemblea xeral (AX)
- b) O comité executivo (CE)



Artigo 9: Asemblea xeral (AX)

A asemblea xeral (AX) é o órgano supremo da Federación Internacional de Cineclubes (FIC/FICC/IFFS). Estará composto polos seus asociados. Celebrarase polo menos unha vez cada dous anos. O comité executivo (CE) poderá convocar unha asemblea xeral Extraordinaria (AXE) sempre que o estime necesario, ou se unha quinta parte dos seus asociados solicítano por escrito ao/á Presidente/a e ao/á Secretario/a Xeral.

Artigo 10: Regulamento da asemblea xeral

O/A Secretario/a Xeral, de acordo co/ca Presidente/a, debe notificar a convocatoria da asemblea xeral (AX) con polo menos tres meses de antelación á data proposta.

A presidencia da asemblea xeral (AX) será adoptada polo/a presidente/a ou vicepresidente/a da FIC (FICC/IFFS) ou calquera outro membro da Federación Internacional de Cineclubes nomeado polo comité executivo (CE) e ratificado pola asemblea xeral. As decisións tomaranse por maioría simple dos votos dos membros presentes ou que delegasen o seu voto por escrito antes da reunión. Cada membro presente e con dereito a voto poderá ter até unha delegación de voto.

Para poder votar na asemblea xeral, é necesario estar ao día ao corrente no pago das cotas, outorgarase un voto a cada asociado. Os «membros asociados» non teñen dereito a voto na asemblea xeral (AX).

Os novos asociados serán elixíbeis e poderán votar despois de ser ratificados pola asemblea xeral (AX).

Artigo 11: Funcións da asemblea xeral (AX)

As funcións da asemblea xeral (AX) incluírán:

- a) A aprobación dos votos delegados por ausencia.
- b) A ratificación da acta anterior correspondente á asemblea xeral.
- c) A aprobación das adhesións propostas polo comité executivo.
- d) A discusión e aprobación do informe organizativo por parte de todos os membros do comité executivo.
- e) Definir o importe máximo das cotas aos afiliados e aprobación do orzamento de ingresos e gastos.
- f) Discutir e aprobar o proxecto de actividades.
- g) A aprobación do número e tamaño dos grupos rexionais.
- h) A elección da sede.
- i) O nomeamento de enviados especiais.
- j) Do número de enviados especiais que non excederá aos membros da sede e do número de secretarios de grupo.
- k) Decidir sobre calquera modificación deste estatuto.



Artigo 12: Composición da Comisión Executiva (CE)

O comité executivo (CE) estará composto pola «sede principal», «secretarios de grupo» e «enviados especiais».

Sede principal: a sede estará integrada por catro (4) persoas. É o órgano administrativo da Federación Internacional de Cineclubes (FICC/IFFS).

Os membros da sede serán:

1. Un/a presidente/a
2. Un/a vicepresidente/a
3. Un/a secretario/a xeneral
4. Un/a tesoureiro/a

Secretarios de Grupo: cada grupo elixirá a unha persoa como secretario/a do grupo.

Enviados/as especiais: a asemblea xeral (AX) nomeará (en cada proceso electoral) un número de técnicos/as con funcións especiais de asistencia á sede.

Estas funcións son:

- a) A comunicación
- b) O arquivo
- c) Coordinador de formación
- d) Xurados e premio «Don Quixote»

A asemblea xeral (AX) escolle aos integrantes do comité executivo (CE), que ostentarán o seu cargo entre a asemblea xeral e a seguinte, e poderán ser reelixidos.

A elección do comité executivo (CE) será por medio dunha papeleta de votación decidida na asemblea xeral (AG).

Artigo 13: Xuntanzas e quórum

O secretario xeral convocará as reunións do comité executivo (CE), asembleas e reunións electrónicas tras consultalo co/ca presidente/a.

O quórum para unha reunión do comité executivo (CE) non será inferior a un terzo do total dos membros, a condición de que estean presentes dous membros da sede.

O quórum para a asemblea xeral (AX) non será inferior á cuarta parte do total de membros.

O comité executivo (CE) poderá celebrar reunións de emerxencia por correo electrónico, denominada «reunión electrónica», na cal só se tratará un único punto. Todas as reunións electrónicas deben ser ratificadas na seguinte reunión do comité executivo (CE).

Artigo 14: Funcións do comité executivo (CE)

As funcións do comité executivo (CE) incluírán:



- a) Aprobación da acta da xuntanza anterior, incluídas as reunións electrónicas
- b) Xestión económica
- c) Convocatoria de asembleas xerais (AX)
- d) Execución das decisións adoptadas pola asemblea xeral (AX)
- e) Presentación dun informe de actividades á asemblea xeral (AX)
- f) Xestión dos gastos
- g) Admisión provisional e expulsión de membros
- h) xestión empresarial adecuada
- i) Preparación e execución dos orzamentos
- j) Exame dos informes dos grupos e dos enviados especiais
- k) Elaboración do proxecto de actividades
- l) Presentar á asemblea xeral (AX) as modificacións estatutarias propostas polos membros

Artigo 15: Composición dos grupos

A Federación Internacional de Cineclubes (FIC) pode organizarse en grupos de membros segundo considérese axeitado para o funcionamento eficiente da asociación. Cada membro decidirá en que grupo exercerá o seu dereito de voto, sen prexuízo da súa participación nas actividades de calquera outro grupo.

Artigo 16: Secretarías do grupo

- a) Cada grupo nomeará un/ha secretario/a do grupo e un/ha vicesecretario/a que será ratificado/a pola asemblea xeral (AX)
- b) O/A secretario/a do grupo será o/a responsable do mesmo
- c) O/A vicesecretario/a do grupo asistirá ao/á secretario/a nas actividades do grupo e poderá asistir por delegación a unha reunión do comité executivo (CE) en ausencia do/a secretario/a

Artigo 17: Funcións do grupo

As funcións das secretarías dos grupos será:

- a) Actuar como intermediario entre os distintos membros do grupo e o comité executivo (CE)
- b) Fomentar e desenvolver a cooperación entre os membros do grupo
- c) Comunicar ao grupo a información da Federación Internacional de Cineclubes (FIC) e viceversa
- d) Presentar informes das actividades do grupo ao comité executivo (CE) e á asemblea xeral (AX)



Artigo 18: Administración e Finanzas

- a) O/A secretario/a xeral é o/a coordinador/a administrativo/a da FIC, e será o/a encargado/a das tarefas administrativas de acordo co/ca presidente/a
- b) O/A tesoureiro/a está facultado/a para recibir subscricións e ingresos de calquera índole
- c) O/A tesoureiro/a figurará como signatario/a conxuntamente co/ca presidente/a ou o/a secretario/a xeral na conta bancaria
- d) O/A tesoureiro/a levará o control de todos os gastos
- e) O/A tesoureiro/a será responsable de presentar un informe financeiro auditado á asemblea xeral (AX)
- f) O/A tesoureiro/a liquidará os fondos de acordo co orzamento aprobado polo comité executivo (CE)
- g) O/A presidente/a, o/a vicepresidente/a e o/a tesoureiro/a están facultados para asinar en nome da Federación Internacional de Cineclubes (FIC) en asuntos concernentes a estes fondos por escrito e acordo unánime
- h) En caso de débedas, só se poderán utilizar os fondos da asociación para compensar estes. En ningún caso os membros da asociación serán responsables das débedas. O/A tesoureiro/a non terá responsabilidade persoal das débedas a non ser, que fose como resultado de excederse nos poderes que lle foron outorgados

Artigo 19: Modificación dos estatutos e liquidación

A Federación Internacional de Cineclubes non será disolta ou os seus estatutos emendados agás que a maioría de dous terzos dos membros presentes ou representados na asemblea xeral (AX). Non se producirán modificacións nos estatutos nin proposta de liquidación, se non se foi incluída na orde do día e polo menos a metade dos membros están presentes na reunión. Calquera solicitude de modificación do estatuto ou liquidación deberá someterse ao comité executivo (CE) con polo menos tres meses de antelación á data fixada para a asemblea xeral (AX).

Artigo 20: Estado xurídico da lingua

En caso de litixio, só se considerará válido o texto francés do estatuto. O texto en francés será unha tradución do inglés, e ratificado pola asemblea xeral (AX).

Artigo 21: Presidente/a cultural da FIC (FICC/IFFS)

- a) A asemblea xeral (AX) nomeará a unha personalidade cinematográfica como presidente/a cultural da FIC (FICC/IFFS)
- b) O/A presidente/a cultural defenderá a imaxe e ideais da FIC (FICC/IFFS) no ámbito global da cultura



Artigo 22: Arquivo

- a) A FIC (FICC/IFFS) mantén un arquivo sobre o movemento das Federacións Internacionais de Cineclubes
- b) O estado depositario do arquivo da FIC (FICC/IFFS) é Suíza e pódese modificar
- c) As federacións membros nutren o arquivo da FIC (FICC/IFFS) anualmente
- d) A asemblea xeral (AX) designará a un especialista responsable que se encargará do arquivo da FIC (FICC/IFFS)
- e) Todos os detalles relativos á administración e funcionamento do arquivo da FIC (FICC/IFFS) descríbense nun documento independente denominado «Normas para o arquivo da FIC (FICC/IFFS)»
- f) A normativa de arquivo é vinculante xuridicamente para todos os membros da FIC (FICC/IFFS)

O estatuto da Federación Internacional de Cineclubes «FIC» (FICC/IFFS) foi traducido ao galego pola Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga» baseado na versión inglesa aprobada na asemblea xeral (AX) do 2008, en Loreto (Italia) o 7 de decembro

